

**XUNTA DE GOBERNO**  
**Sesión do día 1 de setembro de 2023**  
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas e cinco minutos do día un de setembro do ano dous mil vinte e tres, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, Marta Fernández-Tapias Núñez, Rafael Domínguez Artime, Roberto José Álvarez Carrero, María Nava Castro Domínguez, Jorge Cubela López, José Carlos López Campos, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Gabriel Rodríguez Alonso, Secretario Acctal., e está presente a Viceinterventora Susana Escaloni Varela.

Así mesmo, están presentes as deputadas *María Sandra Bastos Míguez e María Isabel Couso Torres* e os deputados *Marcos Guisasola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.32927.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 25 de agosto 2023.

2.32928.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MONDARIZ, NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2022), CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO PROXECTO MODIFICADO DO INVESTIMENTO INCLUÍDO NO PROGRAMA REACPON "CONSTRUCCIÓN DA ÁREA DE DEPORTE URBANO DO CONCELLO DE MONDARIZ" (Expte.2023049735)

- O Pleno da Deputación, mediante o acordo 4.7719 da súa sesión extraordinaria do día 17/12/2021, aprobou a concesión de subvencións ao abeiro do Programa Provincial de Infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación post-COVID (en adiante Programa REACPON).  
A base 7.2.h) das reguladoras da convocatoria sinala que tras a resolución definitiva asinarase un convenio cos concellos beneficiarios no que se definirán as actuacións obxecto de subvención e establecerase de maneira pormenorizada os seus deberes.



- En data 10/02/2022 asínase o Convenio de Colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Mondariz para a execución da obra denominada “*Construción de área de deporte urbano do Concello de Mondariz*” (2021039565). De acordo coa cláusula segunda do convenio, o financiamento do proxecto distribuíase entre ambas administración da forma seguinte:

Deputación	392.079,34€
Concello de Mondariz	43.564,37€
TOTAL	435.643,71 €

- En data 29/11/2023, o concello adxudica a realización do investimento á empresa PRACE SERVIZOS E OBRAS S.A., no prezo de 435.643,71 € (IVE engadido), non resultando baixa algunha de adxudicación, formalizándose o contrato en data 14/12/2022.
- Con data 25/05/2023, o concello de Mondariz, mediante rexistro WEB2023034080, presenta o proxecto modificado do investimento “*Construción de área de deporte urbano do Concello de Mondariz*” (2021039565) xunto co decreto da alcaldía núm. 2023-0342, da mesma data, que acorda a súa aprobación e solicita unha subvención por cambio de finalidade para o seu financiamento, desistindo para elo da subvención concedida, no marco do Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2022, co obxecto do financiamento do investimento “*Ampliación do saneamento no barrio do Cruceiro (Vilasobroso)*” (2023006359).
- En data 13/06/2023, o Concello de Mondariz, mediante rexistro 2023013515, achega o decreto da alcaldía 2023-0387, da mesma data, que corrixe o erro aritmético recollido no decreto 2023-0342, de 25/05/2023.
- En data 13/07/2023, mediante resolución presidencial núm. 2023005573, a Deputación acepta a desistencia do concello de Mondariz á subvención concedida co obxecto do financiamento do investimento “*Ampliación do saneamento no barrio do Cruceiro (Vilasobroso)*” (2023006359), o que deixa en dispoñible na aplicación orzamentaria 2023/942.9425.762.45.2022 e no correspondente proxecto de gasto, crédito por importe de 70.204,65 €, para o financiamento do proxecto modificado da obra “*Ampliación do saneamento no barrio do Cruceiro (Vilasobroso)*” (2021039565). Unha actuación prioritaria para os intereses do concello e para cuxo financiamento non se conta con crédito suficiente nas arcas do concello.
- Figuran nos expedientes incoados cos núm. 2021039595 e 2023049735, o informe da dirección de obra xustificando a necesidade do proxecto modificado, o informe do persoal facultativo do servizo de cooperación, de data 14/07/2023, informando favorablemente o proxecto modificado, a acta de valoración de persoas expertas, de 14/07/2023, prestando a súa conformidade, entre outros, ao proxecto modificado achegado polo concello de Mondariz e o informe da xefa do servizo de cooperación, de data 18/07/2023, solicitando dos corporativos da Deputación a súa aprobación.



## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

### I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

### II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

#### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

#### PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.



- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

## RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 que establece que o concello poderá destinar a cantidade asignada no plan ao financiamento das achegas municipais para outros plans, programas ou convenios da Deputación ou doutras administracións públicas cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal e sempre que os prazos de execución recollidos no programa/convenio se axusten aos prazos de execución que se contemplan nas bases reguladoras para os investimentos acollidos na liña 1.
- Base 17ª das reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que establece que con posterioridade a un acordo ou a unha resolución de concesión, antes de que conclúa o prazo para a realización das actividades ou investimentos obxecto de subvención e sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiros poderase solicitar unha subvención por cambio de destino pola desistencia total ou parcial da finalidade subvencionada.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 14/07/2023, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 20/07/2022, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 18/08/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Mondariz*, CIF.:P3603000E, a cantidade de 69.050,24 €, con destino ao financiamento do proxecto modificado do investimento incluído no programa REACPON “*Construción da área de deporte urbano do Concello de Mondariz*”, que conta cun orzamento de 504.693,95€.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2023/942.9425.762.45.2022 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto. Unha vez concedida a subvención, xerarase crédito na aplicación orzamentaria correspondente ao programa REACPON.



- A execución e xustificación do investimento rexeráse polas normas do programa REACPON.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Mondariz*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

3.32929.- APROBACIÓN DA PRÓRROGA DOS LOTES 1, 2 E 3 DO CONTRATO DE “SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAIS E MAQUINARIA NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”. (Expte. 2022030646)

Na sesión ordinaria do día 23 de setembro de 2022, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou o contrato de *Subministración de materiais e maquinaria na rede viaria da Deputación de Pontevedra* ás seguintes empresas e co detalle que se mostra a continuación:

Lotes	Adxudicatarias	Prezo sen IVE	IVE (21%)	Prezo total
Lote 1. Zona Norte: Brigada 3. Parque de Lalín.	UTE Aricur-Otero Forestal Nortemar (U-01846948)	117.576,97 €	24.691,16 €	142.268,13 €
Lote 2. Zona Centro: Brigadas 1, 2 e 4. Parque Pontevedra.	UTE Aricur-Otero Forestal Nortemar (U-01846948)	201.563,84 €	42.328,41 €	243.892,25 €
Lote 3: Zona Sur: Brigada 8. Parque de Gondomar	Contruccionen Obras y Viales, S.A. (CIF: A-36008886)	115.751,97 €	24.307,91 €	140.059,88 €

O contrato de cada un dos lotes formalizouse en documentos administrativos de data 24 de outubro de 2022, sendo o seu prazo de duración de un ano a contar desde a data de formalización de cada un dos lotes do contrato, con posibilidade de unha prórroga de un ano de duración.

Con data 12 de abril de 2023, as xefaturas dos servizos administrativos e técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, coa conformidade do Presidente desta Deputación provincial, emite informe no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período de un ano, con efectos desde o 25 de outubro do 2023 ao 24 de outubro do 2024.

Tendo en conta que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que “*A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatoria o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes*”.



Tendo en conta que se formularon os preavisos de prórroga dos contratos en data 26 de xullo de 2023 (data de comparecencia: 26/07/2023), e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Tendo en conta que, con data 8 de agosto do 2023, a Intervención emitiu documentos de retención de crédito e documentos de retención de crédito para exercicios futuros para atender ás obrigas económicas que resulten dos servizos que se realicen ao abeiro da prórroga dos lotes do presente contrato durante o ano 2023 e 2024.

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 18 de agosto do 2023 (CSV: XW5QG0G73Z4PWL4Y), que conclúe o seguinte:

*“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe do responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de prórroga dos lotes 1, 2 e 3 do contrato de Subministración de materiais e maquinaria na rede viaria da Deputación de Pontevedra por un ano, desde o 25 de outubro do 2023 ata o 24 de outubro do 2024.  
O órgano que ostenta a competencia resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 25 de outubro do 2023.”*

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16<sup>a</sup>.2 a),

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar a prórroga dos lotes 1, 2 e 3 do contrato de “Subministración de materiais e maquinaria na rede viaria da Deputación de Pontevedra” subscrito coa empresa UTE Aricur-Otero Forestal Nortemar (U-01846948) para o lote 1 e 2 e coa empresa Contruccion Obras y Viales, S.A. (CIF: A-36008886) para o lote 3, durante o período desde o 25 de outubro do 2023 ata o 24 de outubro do 2024, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga do contrato e financiarase con cargo á/s seguinte/s aplicación/s orzamentaria/s:

Anualidade	Lote	Aplicación orzamentaria	Importe, con IVE
2023	Nº 1 (Zona norte)	23/456.4530.210.00	47.422,71 €
	Nº 2 (Zona centro)		81.297,42 €
	Nº 3 (Zona sur)		46.686,63 €



2024	Nº 1 (Zona norte)	24/456.4530.210.00	94.845,42 €
	Nº 2 (Zona centro)		162.594,83 €
	Nº 3 (Zona sur)		93.373,25 €

Os importes dos gastos correspondentes a anualidade 2024 quedarán condicionados a aprobación do orzamento do respectivo exercicio e a existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias.

4.32930.- DEVOLUCIÓN DAS GARANTÍAS DEFINITIVAS, CONSTITUÍDAS POLA EMPRESA PROYESTEGAL, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DOS CONTRATOS DERIVADOS 41, 44, 56 E 58 DO ACORDO MARCO CORRESPONDENTE A "SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REDACCIÓN DE PROXECTOS DE URBANIZACIÓN, REURBANIZACIÓN, ACCESIBILIDADE E RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NA REDE DE ESTRADAS PROVINCIAIS DE PONTEVEDRA". (Expte. 2017003642) (Devogaran 2023014568)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 10 de novembro de 2017 (Nº Rexistro 2017021021, de data 16/11/2017), adoptouse, entre outros asuntos, a adxudicación do Acordo Marco para regular a contratación do “*Servizo de asistencia técnica para a redacción de proxectos de urbanización, re-urbanización, accesibilidade e recuperación de espazos públicos na rede de estradas provinciais de Pontevedra*” (Expte. 2017003642).

Para responder da realización dos Contratos Derivados números 41, 44, 56 e 58, que compuxeron este servizo, a empresa *PROYESTEGAL, S.L. (CIF.- B-27.159.730)*, constituíu na Tesourería desta Deputación, unhas fianzas definitivas polos importes equivalentes ao 5% dos prezos de adxudicación, polos seguintes importes:

EMPRESA	CD	IMPORTE	CARTA PAGO	DATAS
PROYESTEGAL, S.L. (B-27159730)	41	520,00€	201900112667	14/06/2019
	44	520,00€	201900192974	22/10/2019
	56	232,50€	202000111640	24/06/2020
	58	664,50€	202000111652	24/06/2020

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais no cal se informa que proceden as devolucións das fianzas depositadas ao cumprir a empresa satisfactoriamente cos obxectos de ditos Contratos Derivados conforme as cláusulas administrativas que os rexeron.



Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existen na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil *PROYESTEGAL, S.L.*, dunhas garantías con eses conceptos e por eses importes, e no que igualmente informa favorablemente á devolución das mesmas.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación dos Contratos Derivados números 41, 44, 56 e 58 do *Acordo Marco* convocado para regular a contratación do “*Servizo de asistencia técnica para a redacción de proxectos de urbanización, re-urbanización, accesibilidade e recuperación de espazos públicos na rede de estradas provinciais de Pontevedra*” (Expte. Núm. 2017003642), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución das garantías definitivas constituídas pola entidade mercantil *PROYESTEGAL, S.L.*, por resultar adxudicataria de ditos *Contratos Derivados* que son os seguintes:

- o A garantía definitiva constituída en metálico, por importe de cincocentos vinte euros (520,00 €), para responder do CD41 de “*Mellora da EP-7101 (treito antigo) en Sabucedo (Concello da Estrada)*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 14/06/2019, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201900030449.
- o A garantía definitiva constituída en metálico, por importe de cincocentos vinte euros (520,00 €), para responder do CD44 de “*Mellora da seguranza viaria na EP 9206 Portonovo-Vichona e Rúa do Río (PQ 0+000 ao 0+500). (Concello de Sanxenxo)*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 22/10/2019, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201900048128.
- o A garantía definitiva constituída en metálico, por importe de douscentos trinta e dous euros con cincuenta céntimos (232,50 €), para responder do CD56 de “*Mellora da mobilidade peonil na EP-0407 Borela-Ponte Caldelas, entre o P.Q. 8+780 e o P.Q. 9+000 (Concello de Ponte Caldelas)*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 24/06/2020, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202000111640.
- o A garantía definitiva constituída en metálico, por importe de seiscentos sesenta e catro euros con cincuenta céntimos (664,50 €), para responder do CD58 de “*Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-0405 A Xesteira-Almofrei, P.Q. 0+000 ao P.Q. 1+530 (Concello de Cerdedo-Cotobade)*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 24/06/2020, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202000111652.





5.32931.- DEVOLUCIÓN DAS GARANTÍAS DEFINITIVAS, CONSTITUÍDAS POLA EMPRESA GALAICONTRON, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DOS CONTRATOS DERIVADOS 42 E 61 DO ACORDO MARCO CORRESPONDENTE Ó “SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REDACCIÓN DE PROXECTOS DE URBANIZACIÓN, REURBANIZACIÓN, ACCESIBILIDADE E RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NA REDE DE ESTRADAS PROVINCIAIS DE PONTEVEDRA”.(Expte. 2017003642) (Devogaran 2023014575)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 10 de novembro de 2017 (Nº Rexistro 2017021021, de data 16/11/2017), adoptouse, entre outros asuntos, a adxudicación do Acordo Marco para regular a contratación do “*Servizo de asistencia técnica para a redacción de proxectos de urbanización, re-urbanización, accesibilidade e recuperación de espazos públicos na rede de estradas provinciais de Pontevedra*” (Expte. 2017003642).

Para responder da realización dos Contratos Derivados números 42 e 65, que compuxeron este servizo, a empresa GALAICONTRON, S.L. (CIF.- B-36.651.487), constituíu na Tesourería desta Deputación, unhas fianzas definitivas polos importes equivalentes ao 5% dos prezos de adxudicación, polos seguintes importes:

EMPRESA	CD	IMPORTE	CARTA PAGO	DATAS
PROYESTEGAL, S.L. (B-27159730)	42 (Exp. 2019030452)	999,00€	201900112662	16/06/2019
	61 (Exp. 2020042303)	381,25€	202000182784	13/10/2020

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais no cal se informa que proceden as devolucions das fianzas depositadas ao cumprir a empresa satisfactoriamente cos obxectos de ditos Contratos Derivados conforme as cláusulas administrativas que os rexeron.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existen na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil GALAICONTRON, S.L., dunhas garantías con eses conceptos e por eses importes, e no que igualmente informa favorablemente á devolución das mesmas.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.



A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación dos Contratos Derivados números 42 e 61 do Acordo Marco convocado para regular a contratación do “*Servizo de asistencia técnica para a redacción de proxectos de urbanización, re-urbanización, accesibilidade e recuperación de espazos públicos na rede de estradas provinciais de Pontevedra*” (Expte. 2017003642), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución das garantías definitivas constituídas pola entidade mercantil GALAICONTROL, S.L. (B-36.651.487), por resultar adxudicataria de ditos *Contratos Derivados* que son os seguintes:

- o A garantía definitiva constituída en metálico, por importe de novecentos noventa e nove euros (999,00 €), para responder do CD42 de “*Redacción do proxecto de -Estudo da seguranza viaria na E.P. 2601 Mos-Puxeiros (Concello de Mos)-*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 16/06/2019, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201900112662.
- o A garantía definitiva constituída en metálico, por importe de trescentos oitenta e un euros con vinte e cinco céntimos (381,25 €), para responder do CD61 de “*Redacción do proxecto de -Mellora da seguridade e senda peonil na E.P.2106 A Ramallosa-Parada, dende o P.Q. 3+200 ao P.Q.4+195. Concello de Nigrán-*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 13/10/2020, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202000182784.

6.32932.- DEVOLUCIÓN DAS GARANTÍAS DEFINITIVAS, CONSTITUÍDAS POLA EMPRESA NOVOTEC CONSULTORES, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DOS CONTRATOS DERIVADOS 17 E 26 DO ACORDO MARCO CORRESPONDENTE Ó “SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REDACCIÓN DE PROXECTOS DE URBANIZACIÓN, REURBANIZACIÓN, ACCESIBILIDADE E RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NA REDE DE ESTRADAS PROVINCIAIS DE PONTEVEDRA”. (Expte. 2017003642) (Devogaran 2023014557)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 10 de novembro de 2017 (Nº Rexistro 2017021021, de data 16/11/2017), adoptouse, entre outros asuntos, a adxudicación do Acordo Marco para regular a contratación do “*Servizo de asistencia técnica para a redacción de proxectos de urbanización, re-urbanización, accesibilidade e recuperación de espazos públicos na rede de estradas provinciais de Pontevedra*” (Expte. 2017003642).



Para responder da realización dos Contratos Derivados números 17 e 26, que compuxeron este servizo, a empresa *NOVOTEC CONSULTORES, S.A. (CIF.- A-78.068.202)*, constituíu na Tesourería desta Deputación, unhas fianzas definitivas polos importes equivalentes ao 5% dos prezos de adxudicación, polos seguintes importes:

EMPRESA	CD	IMPORTE	CARTA PAGO	DATAS
NOVOTEC CONSULTORES, S.A. (A-78068202)	17 (Exp. 2018001265)	722,48€	201800023959	23/02/2018
	26 (Exp. 2018003610)	556,74€	201800029467	23/02/2018

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais no cal se informa que proceden as devolucións das fianzas depositadas ao cumprir a empresa satisfactoriamente cos obxectos de ditos Contratos Derivados conforme as cláusulas administrativas que os rexeron.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existen na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil *NOVOTEC CONSULTORES, S.A.*, dunhas garantías con eses conceptos e por eses importes, e no que igualmente informa favorablemente á devolución das mesmas.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

- **PRIMEIRO.-** Aprobar a liquidación dos Contratos Derivados números 17 e 26 do *Acordo Marco* convocado para regular a contratación do “*Servizo de asistencia técnica para a redacción de proxectos de urbanización, re-urbanización, accesibilidade e recuperación de espazos públicos na rede de estradas provinciais de Pontevedra*” (Expte. Núm. 2017003642), sen que existan obrigas pendentes.



- SEGUNDO.- Proceder á devolución das garantías definitivas constituídas pola entidade mercantil NOVOTEC CONSULTORES, S.L. (B-78.068.202), por resultar adxudicataria de ditos *Contratos Derivados* que son os seguintes:

o A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *CRÉDITO Y CAUCIÓN*, por importe de setecentos vinte e dous euros con corenta e oito céntimos (722,48 €), para responder do CD17 de “*Reconversión da EP-3303 con criterios de mellora da mobilidade e recuperación do espazo para peóns. Concello de O Rosal-*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 23/02/2018, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201800023959.

o A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *CRÉDITO Y CAUCIÓN*, por importe de cincocentos cincuenta e seis euros con setenta e catro céntimos (556,74 €), para responder do CD26 de “*Redacción do proxecto de -Mellora da mobilidade peonil na EP-0002 Marco-Tomeza-Figueirido, PK 0+000 a 2+550 (Concello de Pontevedra)-*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 23/02/2018, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201800029467.

7.32933.- DEVOLUCIÓN DAS GARANTÍAS DEFINITIVAS, CONSTITUÍDAS POLA EMPRESA ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATOS DERIVADOS 46 DO ACORDO MARCO CORRESPONDENTE Ó “SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REDACCIÓN DE PROXECTOS DE URBANIZACIÓN, REURBANIZACIÓN, ACCESIBILIDADE E RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NA REDE DE ESTRADAS PROVINCIAIS DE PONTEVEDRA”. (Expte. 2017003642) (Devogaran 2023014606)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 10 de novembro de 2017 (Nº Rexistro 2017021021, de data 16/11/2017), adoptouse, entre outros asuntos, a adxudicación do Acordo Marco para regular a contratación do “*Servizo de asistencia técnica para a redacción de proxectos de urbanización, re-urbanización, accesibilidade e recuperación de espazos públicos na rede de estradas provinciais de Pontevedra*” (Expte. 2017003642).

Para responder da realización do Contrato Derivado números 46, que compuxo este servizo, a empresa *ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A.* (CIF.- *A-15.093.081*), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, polo seguinte importe:

EMPRESA	CD	IMPORTE	CARTA PAGO	DATAS
ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A. (A-15093081)	46 (Exp. 2019052756)	515,00€	201900210137	21/12/2019



Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais no cal se informa que procede a devolución da fianza depositada ao cumprir a empresa satisfactoriamente co obxecto de dito Contrato Derivado conforme as cláusulas administrativas que o rexeron.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil *ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A.*, dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: *“Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”*.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do Contrato Derivado número 46 *do Acordo Marco* convocado para regular a contratación do *“Servizo de asistencia técnica para a redacción de proxectos de urbanización, re-urbanización, accesibilidade e recuperación de espazos públicos na rede de estradas provinciais de Pontevedra”* (Expte. 2017003642), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída pola entidade mercantil *ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A.* (CIF A-15.093.081), por resultar adxudicataria de dito *Contrato Derivado* que é a seguinte:

- o A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *BANCO SABADELL*, por importe de cincocentos quince euros (515,00 €), para responder do *“CD 46”*, que foi depositada na Tesourería Provincial o 21/12/2019, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201900210137.



8.32934.- DEVOLUCIÓN DAS GARANTÍAS DEFINITIVAS, CONSTITUÍDAS POLA EMPRESA PROYESTEGAL, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DOS CONTRATOS DERIVADOS 3, 5, 7 E 8 DO ACORDO MARCO CORRESPONDENTE Ó “SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA O CONTROL E SEGUIMENTO DAS OBRAS DO SERVIZO DE MOBILIDADE”. (Expte. 2017004128) (Devogaran 2023039191)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 01 de setembro de 2017 (Nº Rexistro 2017016696, de data 11/09/2017), adoptouse, entre outros asuntos, a adxudicación do Acordo Marco para regular a contratación do “*Servizo de asistencia técnica para o control e seguimento das obras do Servizo de Mobilidade da Deputación de Pontevedra*” (Expte. 2017004128).

Para responder da realización dos Contratos Derivados números 3, 5, 7 e 8, que compuxeron este servizo, a empresa PROYESTEGAL, S.L. (CIF.- B-27.159.730), constituíu na Tesourería desta Deputación, unhas fianzas definitivas polos importes equivalentes ao 5% dos prezos de adxudicación, polos seguintes importes:

EMPRESA	CD	IMPORTE	CARTA PAGO	DATAS
PROYESTEGAL, S.L. (B-27159730)	3 (Exp. 2017051662)	71,23€	201700187520	09/11/2017
	5 (Exp. 2017051689)	61,00€	201700187521	09/11/2017
	7 (Exp. 2017051709)	95,83€	201700187522	09/11/2017
	8 (Exp. 2017050327)	49,10€	201700219154	28/12/2017

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais no cal se informa que proceden as devolucións das fianzas depositadas ao cumprir a empresa satisfactoriamente cos obxectos de ditos Contratos Derivados conforme as cláusulas administrativas que os rexeron.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existen na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil PROYESTEGAL, S.L., dunhas garantías con eses conceptos e por eses importes, e no que igualmente informa favorablemente á devolución das mesmas.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.



A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación dos Contratos Derivados números 3, 5, 7 e 8 do *Acordo Marco* convocado para regular a contratación do “*Servizo de asistencia técnica para o control e seguimento das obras do Servizo de Mobilidade da Deputación de Pontevedra*” (*Expte. Núm. 2017004128*), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución das garantías definitivas constituídas pola entidade mercantil PROYESTEGAL, S.L., por resultar adxudicataria de ditos *Contratos Derivados* que son os seguintes:

- o A garantía definitiva constituída en metálico, por importe de setenta e un euros con vinte e tres céntimos (71,23 €), para responder do CD3 de “*AT control e seguimento da obra -Construción de obra de drenaxe e reparación de firme no P.Q. 4+950 da E.P. 0307 Peso-Caroi (A Lama)-*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 09/11/2017, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201700187520.
- o A garantía definitiva constituída en metálico, por importe de sesenta e un euros (61,00€), para responder do CD5 de “*AT control e seguimento da obra -Mellora da seguridade viaria na EP- 2702 Amoedo-Os Valos con acceso a igrexa de Nespereira (Pazos de Borbén)-*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 09/11/2017, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201700187521.
- o A garantía definitiva constituída en metálico, por importe de noventa e cinco euros con oitenta e tres céntimos (95,83 €), para responder do CD7 de “*AT control e seguimento da obra -Mellora da seguridade viaria na EP-6509 Escuadro-Silleda P.Q. 4+640 a 5+200 (Silleda)-*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 09/11/2017, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201700187522.
- o A garantía definitiva constituída en metálico, por importe de corenta e nove euros con dez céntimos (49,10 €), para responder do CD8 de “*AT control e seguimento da obra -Acondicionamento e mellora da seguridade viaria no PK 20+700 da EP-7001 A Estrada-Forcarei (Forcarei)-*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 28/12/2017, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201700219154.



- 9.32935.- ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN BANDA DE MÚSICA POPULAR DE TUI DO CONCELLO DE TUI, Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA “A FAMILIA BRAÑAS”, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 16/06/2023. (Expte.2023012481)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 16/06/2023 unha subvención a favor da *Asociación Banda de Música Popular de Tui* con CIF: G-36.153.344, do *Concello de Tui*, por un importe de 1.345,99 €, para o proxecto “*A Familia Brañas*” con cargo á aplicación 23/330.3340.489.05, e recibido escrito presentado, no Rexistro xeral, con data 07/08/2023 da citada Entidade renunciando á subvención concedida no seu día, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de conformidade co establecido no art. 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

- 10.32936.- ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN SOCIAL E CULTURAL GARATUZAS DE PILOÑO DO CONCELLO DE VILA DE CRUCES, Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA “GARATUZAS FESTIVAL”, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 16/06/2023. (Expte. 2023013039)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 16/06/2023 unha subvención a favor da *Asociación Social e Cultural Garatuñas de Piloño*, con CIF: G-72.715.279, do *Concello de Vila de Cruces*, por un importe de 1.924,77 €, para o proxecto “*Garatuñasfestival*” con cargo á aplicación 23/330.3340.489.05, e recibido escrito presentado, no Rexistro xeral, con data 21/08/2023 da citada Entidade renunciando á subvención concedida no seu día, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de conformidade co establecido no art. 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

- 11.32937.- ACEPTAR A RENUNCIA DO BASKET RÍAS BAIXAS, Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA “DEPORTE FEDERADO ÁMBITO INFERIOR A NACIONAL (BALONCESTO)”, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 29/07/2022 (Expte.2022034244)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 29 de xullo de 2022 unha subvención a favor do *Basquet Rias Baixas*, con NIF: GG27777127 do *Concello de Vigo*, por un importe de 884,81 €, para “*Deporte federado ámbito inferior a nacional (Baloncesto)*” e con cargo á aplicación 23/340.3410.489.23.2022, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2023049846 con data 23/08/2023 do citado club renunciando á subvención concedida pola imposibilidade da súa xustificación, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.





12.32938.- ACEPTAR A RENUNCIA DA SOCIEDADE DE CAZA COTO MOUGAS – OIA, Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA “DEPORTE FEDERADO ÁMBITO INFERIOR A NACIONAL (CAZA)”, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 29/07/2022 (Expte.2022027677)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 29 de xullo de 2022 unha subvención a favor da *Soc. Caza Coto Mougas-Oia* con NIF: G36186807 do *Concello de Oia*, por un importe de 405,67 €, para “*Deporte federado ámbito inferior a nacional (Caza)*” e con cargo á aplicación 23/340.3410.489.23.2022, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2023049796 con data 23/08/2023 do citado club renunciando á subvención concedida pola imposibilidade de xustificación, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

13.32939.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS (Expte.2023056137)

Vista a relación de facturas con número 2023056137, que contén 8 facturas e por un importe de 27.079,43 € e con CSV: 9WD84ZI8YRNADBJX, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 24/08/2023, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	27.079,43 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	27.079,43€

14.32940.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE RODEIRO AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) (Expte.2023001458)

En relación á solicitude de modificación do acordo de concesión dunha subvención ó *Concello de Rodeiro*, con CIF núm. P3604700I, correspondente á liña 3 (Activación do emprego), ó abeiro do disposto nas bases reguladoras e convocatoria do PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3), emito o seguinte informe:

“ANTECEDENTES



- 1) O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 28/10/2022, punto núm. 5.7876 aprobou as “BASES REGULADORAS DO PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDAS CON ENTIDADES FINANCEIRAS, ACREDORES DE GASTO CORRENTE E INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO DE GASTO CORRENTE DERIVADO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS E/OU DA REALIZACIÓN DE ACTOS CULTURAI, DEPORTIVOS, SOCIAIS (LIÑA 2) 2023 (Expte. 2022064094)”, que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2021 (último vixente na data de aprobación das bases). As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 208, do 31/10/2022.
- 2) Á vista da documentación obrante nos expedientes de subvención e dos informes da xefa do Servizo de Cooperación e do Servizo de Intervención, mediante acordo da Xunta de Goberno do 24 de xaneiro de 2023, punto núm. 25.32504, aprobouse a concesión dunha axuda ó abeiro do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3), mediante o procedemento de concorrencia non competitiva, con cargo á aplicación 2023/942.9425.462.03 do vixente Orzamento Provincial.
- 3) Terceiro.-. No caso do Concello de Rodeiro, concedéuselle unha axuda conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE RODEIRO				
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
10	1 educador/a social en xornada de 37,5 h./sem. durante 10,5 meses; 1 peón de obras públicas en xornada de 30 h./sem. durante 10,5 meses; 1 traballador/a social e 2 técnicos/as educación infantil en xornada de 25 h./sem. durante 10,5 meses; 2 peóns teitadores/as e 2 peóns obras públicas asfalto en xornada de 30 h./sem. durante 6,4 meses; e 1 peón obras públicas en xornada de 30 h./sem. durante 6,3 meses	120.154,08 €	0,00 €	120.154,08 €

- 4) O concello, mediante escrito presentado no rexistro xeral da Deputación de Pontevedra núm. WEB2023045815 do 27/07/2023, solicita modificar o acordo de concesión da axuda, motivado polo necesario reaxuste do número, categoría e duración das contratacións, o importe do orzamento e o importe a cofinanciar, debido á necesidade de adaptar as condicións da subvención ás novas circunstancias derivadas do cambio de necesidades e os tempos da tramitación administrativa.



## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- O artigo. 64 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, establece que se poderá autorizar a modificación sempre que non se danen dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- O artigo 11.2.a) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aplicable de conformidade co disposto na Base 25<sup>a</sup>.1<sup>a</sup> das do orzamento provincial, dispón que os beneficiarios da subvención quedan obrigados a comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade pretendida, co obxecto de que, se se estiman con suficiente antelación, poida procederse á modificación da resolución.
- Base Sexta do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3), que sinala que os concellos poderán destinar a totalidade ou a parte non empregada da Liña 3 a incrementar o importe da Liña 1. En todo caso, o Concello deberá achegar unha comunicación, asinada polo órgano competente, indicando a cantidade que pretende traspasar á Liña 1. Os traspasos entre liñas arriba referidos poden producirse no momento de presentar as solicitudes de subvención, como consecuencia da reformulación ou rexeitamento dunha solicitude ou como consecuencia das modificacións dos acordos ou das resolucións de concesión cando supoñan, dentro da correspondente liña, unha subvención inferior.
- Base Cuarta do Capítulo II das Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3), no referente ás modificacións das resolucións ou dos acordos de concesión das subvencións para a activación do emprego, en concordancia co artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, que sinalan que se permite a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do un de novembro de 2023. A modificación non poderá implicar unha variación económica á alza con respecto á cantidade inicialmente concedida. No caso de supoñer un importe inferior, poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.

## CONCLUSIÓNS:

En base á necesidade de reaxustar e adaptar ás novas circunstancias e necesidades de contratación a solicitude de axuda debido aos tempos de tramitación administrativa e á necesidade de readaptar as contratacións ás novas circunstancias e necesidades, o interesado solicita modificar a categoría, número e duración das contratacións, o importe do orzamento e o importe a cofinanciar con respecto á súa petición inicial, conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE RODEIRO				
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
12	1 educador/a social en xornada de 37,5 h./sem. durante 9,8666 meses; 1 peón de obras públicas en xornada de 30 h./sem. durante 9,6333 meses; 1 traballador/a social e 2 técnicos/as educación infantil en xornada de 25 h./sem. durante 9,8666 meses; 2 peóns teitadores/as e 2 peóns obras públicas asfalto en xornada de 30 h./sem. durante 6,4 meses; 1 peón obras públicas en xornada de 30 h./sem. durante 6,3 meses; e 2 peóns obras públicas en xornada de 30 h./sem. durante 2 meses	120.957,31 €	803,23 €	120.154,08 €



*A normativa aplicable permite realizar a modificación proposta, xa que consta no expediente a documentación necesaria para a súa válida tramitación, respéctanse os criterios de distribución entre liñas que se establece nas Bases, non se estima que se prexudiquen dereitos de terceiros e solicítase dentro do prazo previsto nas bases. Esta modificación non implica variación económica algunha ó alza. De existir importe sobrante poderá destinarse á Liña 1, nos termos establecidos nas bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3), para o cal o concello deberá presentar a correspondente solicitude unha vez notificado o acordo de modificación desta axuda. No caso de terse librado algún anticipo, no momento en que solicite un novo pago deberá terse en conta para axustar os importes librados á nova concesión.*

*Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, INFORMO FAVORABLEMENTE a aprobación da modificación do acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 24 de xaneiro de 2023, punto núm. 25.32504, no referente á axuda concedida ó Concello de Rodeiro, CIF núm. P3604700I, da maneira que segue:*

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Rodeiro (P3604700I)	12	1 educador/a social en xornada de 37,5 h./sem. durante 9,8666 meses; 1 peón de obras públicas en xornada de 30 h./sem. durante 9,6333 meses; 1 traballador/a social e 2 técnicos/as educación infantil en xornada de 25 h./sem. durante 9,8666 meses; 2 peóns teitadores/as e 2 peóns obras públicas asfalto en xornada de 30 h./sem. durante 6,4 meses; 1 peón obras públicas en xornada de 30 h./sem. durante 6,3 meses; e 2 peóns obras públicas en xornada de 30 h./sem. durante 2 meses	120.154,08 €

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

#### RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16<sup>a</sup>.2<sup>a</sup> c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.



Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: 8YNK0EG9UWWR92X7) e do informe de Intervención (CSV: EWGMCE3NGD2MN4RW), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Modificar o acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 24 de xaneiro de 2023, punto núm. 25.32504, no referente á axuda concedida ó Concello de Rodeiro, CIF núm. P3604700I, que queda como segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Rodeiro (P3604700I)	12	<i>1 educador/a social en xornada de 37,5 h./sem. durante 9,8666 meses; 1 peón de obras públicas en xornada de 30 h./sem. durante 9,6333 meses; 1 traballador/a social e 2 técnicos/as educación infantil en xornada de 25 h./sem. durante 9,8666 meses; 2 peóns teitadores/as e 2 peóns obras públicos asfalto en xornada de 30 h./sem. durante 6,4 meses; 1 peón obras públicas en xornada de 30 h./sem. durante 6,3 meses; e 2 peóns obras públicas en xornada de 30 h./sem. durante 2 meses</i>	120.154,08 €

Esta subvención imputarase con cargo á aplicación orzamentaria 2023/942.9425.462.03.

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, ó Servizo de Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

15.32941.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) (Expte. 2022070339)

En relación á solicitude de modificación do acordo de concesión dunha subvención ó Concello de Vilanova de Arousa, con CIF núm. P3606100J, correspondente á liña 3 (Activación do emprego), ó abeiro do disposto nas bases reguladoras e convocatoria do PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3), emito o seguinte informe:

“ANTECEDENTES

- 1) *O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 28/10/2022, punto núm. 5.7876 aprobou as “BASES REGULADORAS DO PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDAS CON ENTIDADES FINANCEIRAS, ACREDORES DE GASTO CORRENTE E INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO*



DE GASTO CORRENTE DERIVADO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS E/OU DA REALIZACIÓN DE ACTOS CULTURAI, DEPORTIVOS, SOCIAIS (LIÑA 2) 2023 (EXPTE. 2022064094)”, que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2021 (último vixente na data de aprobación das bases). As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 208, do 31/10/2022.

2) *Á vista da documentación obrante nos expedientes de subvención e dos informes da xefa do Servizo de Cooperación e do Servizo de Intervención, mediante acordo da Xunta de Goberno do 27 de xaneiro de 2023, punto núm. 23.32163, aprobouse a concesión dunha axuda ó abeiro do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3), mediante o procedemento de concorrencia non competitiva, con cargo á aplicación 2023/942.9425.462.03 do vixente Orzamento Provincial.*

3) *No caso do Concello de Vilanova de Arousa, concedéuselle unha subvención conforme á seguinte táboa:*

CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA				
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
10	1 chofer-tractorista, 1 albanel e 1 limpador/a en xornada de 35 h./sem. durante 12 meses; 4 mantedores/as de edificios, 1 fontaneiro/a e 2 guías de turismo en xornada de 35 h./sem. durante 6 meses	173.118,27 €	951,07 €	172.167,20 €

4) *Non obstante, comprobouse a existencia dun erro material de transcripción no citado acordo de concesión, en canto á duración de varios contratos: 4 mantedores/as de edificios en xornada de 35 h./sem. durante 6 meses. Concretamente, de acordo coa documentación presentada polo concello no momento da solicitude, debe corrixirse o erro padecido no texto do acordo de concesión, de xeito que a duración correcta das contratacións debe ser a seguinte: 2 mantedores/as de edificios en xornada de 35 h./sem. durante 12 meses e 2 mantedores/as de edificios en xornada de 35 h./sem. durante 6 meses.*

5) *O concello, mediante escrito presentado no rexistro xeral da Deputación de Pontevedra núm. WEB2023044730 do 20/07/2023 (documentación subsanada en data 31/07/2023 con núm. WEB2023046360) solicita modificar o acordo de concesión da axuda, motivado pola necesidade de reaxustar as duracións de varias contratacións.*

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- *O artigo. 64 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, establece que se poderá autorizar a modificación sempre que non se danen dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.*
- *O artigo 11.2.a) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aplicable de conformidade co*



disposto na Base 25ª.1ª das do orzamento provincial, dispón que os beneficiarios da subvención quedan obrigados a comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade pretendida, co obxecto de que, se se estiman con suficiente antelación, poida procederse á modificación da resolución.

- Base Sexta do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3), que sinala que os concellos poderán destinar a totalidade ou a parte non empregada da Liña 3 a incrementar o importe da Liña 1. En todo caso, o Concello deberá achegar unha comunicación, asinada polo órgano competente, indicando a cantidade que pretende traspasar á Liña 1. Os traspasos entre liñas arriba referidos poden producirse no momento de presentar as solicitudes de subvención, como consecuencia da reformulación ou rexeitamento dunha solicitude ou como consecuencia das modificacións dos acordos ou das resolucións de concesión cando supoñan, dentro da correspondente liña, unha subvención inferior.
- Base Cuarta do Capítulo II das Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3), no referente ás modificacións das resolucións ou dos acordos de concesión das subvencións para a activación do emprego, en concordancia co artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, que sinalan que se permite a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifíque adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do un de novembro de 2023. A modificación non poderá implicar unha variación económica á alza con respecto á cantidade inicialmente concedida. No caso de supoñer un importe inferior, poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.
- O artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas dispón que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

#### CONCLUSIÓNS:

En base á necesidade de reaxustar as contratacións ás novas circunstancias, o interesado solicita modificar a duración das contratacións, o importe do orzamento e o importe da axuda concedida con respecto á súa petición inicial, conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA				
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
10	2 mantedores/as de edificios, 1 chofer-tractorista, 1 albanel e 1 limpador/a en xornada de 35 h./sem. durante 10 meses; 2 mantedores/as de edificios, 1 fontaneiro/a e 2 guías de turismo en xornada de 35 h./sem. durante 6 meses	153.770,83 €	0,00 €	153.770,83 €



*A normativa aplicable permite realizar a modificación proposta, xa que consta no expediente a documentación necesaria para a súa válida tramitación, respéctanse os criterios de distribución entre liñas que se establece nas Bases, non se estima que se prexudiquen dereitos de terceiros e solicítase dentro do prazo previsto nas bases. Esta modificación non implica variación económica algunha ó alza. O importe sobrante poderá destinarse á Liña 1, nos termos establecidos nas bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3), para o cal o concello deberá presentar a correspondente solicitude unha vez notificado o acordo de modificación desta axuda.*

*Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, INFORMO FAVORABLEMENTE a aprobación da modificación do acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 24 de xaneiro de 2023, punto núm. 33.32512, no referente á axuda concedida ó Concello de Vilanova de Arousa, CIF núm. P3606100J, da maneira que segue:*

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Vilanova de Arousa (P3606100J)	10	2 mantedores/as de edificios, 1 chofer-tractorista, 1 albanel e 1 limpador/a en xornada de 35 h./sem. durante 10 meses; 2 mantedores/as de edificios, 1 fontaneiro/a e 2 guías de turismo en xornada de 35 h./sem. durante 6 meses	153.770,83 €

”

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

#### RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.





Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: RWQOKGXLH6C915AR) e do informe de Intervención (CSV: TRAPFOG58GZ7M787), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Modificar o acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 24 de xaneiro de 2023, punto núm. 33.32512, no referente á axuda concedida ó Concello de Vilanova de Arousa, CIF núm. P3606100J, que queda como segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Vilanova de Arousa (P3606100J)	10	2 mantedores/as de edificios, 1 chofer-tractorista, 1 albanel e 1 limpador/a en xornada de 35 h./sem. durante 10 meses; 2 mantedores/as de edificios, 1 fontaneiro/a e 2 guías de turismo en xornada de 35 h./sem. durante 6 meses	153.770,83 €

Esta subvención imputarase con cargo á aplicación orzamentaria 2023/942.9425.462.03.

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, ó Servizo de Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

16.32942.- SUBSTITUCIÓN DE PROXECTO TÉCNICO NO ACORDO Nº 27.32746 DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 09/06/2023, POLO QUE SE CONCEDÍA UNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MONDARIZ, NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 – LIÑA 1, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “REFORMA DE LA ESCUELA DE REDO PARA CENTRO SOCIOCOMUNITARIO -FASE III” (Expte. 2023006014)

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.
- En data 09/06/2023, mediante acordo de Xunta de Goberno núm. 27.32746, concedeuse ao *concello de Mondariz*, polo procedemento de concorrència non competitiva, subvención por importe de 67.351,70 €, con destino ao financiamento do investimento “REFORMA DE LA ESCUELA DE REDO PARA CENTRO SOCIOCOMUNITARIO-FASE III”, cun orzamento de 278.626,94 € e unha achega doutras administracións de 211.275,24 €.



- En data 04/07/2023 consta entrada na sede electrónica da Deputación , co núm. WEB2023014682, instancia do *concello de Mondariz* na que manifesta a necesidade de realizar un cambio de proxecto para adecuarse á execución do proxecto, non supoñendo esta modificación algún cambio no importe do seu orzamento e importe da subvención inicialmente concedida.
- Neste contexto, o concello achega un novo proxecto aprobado polo órgano competente e solicita a súa conformidade por parte desta administración, de forma que o investimento se execute nos termos establecidos polo concello.
- As presentes actuacións contan co informe de supervisión favorable do Facultativo técnico do Servizo de Cooperación de data 05/07/2023.

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

### 1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Lei 20/2013, de 9 de decembro, de garantía de unidade de mercado.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, e polo que se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.



## II.- CONSIDERACIÓN XURÍDICAS

### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do Servizo de Intervención.

### PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

### Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

### Resolución do expediente:

- Artigo 16 da ordenanza xeral de subvencións da Deputación que dispón que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, incluídos o prazos de execución e xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou da axuda pública.  
A solicitude de modificación deberá estar xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras.



- Base 17ª das reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que regula as modificacións do contido das resolucións ou acordos de concesión. A solicitude deber presentarse antes de que finalice o prazo de realización do investimento ou actuación obxecto de subvención e sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiros.
- Artigos 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras de subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 109 da LPACAP sobre revogación de actos e rectificación de erros, que indica que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos actos.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e as bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, e vistos o informe do enxeñeiro xefe de Cooperación, de data 05/07/2023, da xefa do servizo de Cooperación de data 05/07/2023 que conclúen favorablemente o cambio do proxecto do investimento, e do informe da intervención provincial de data 24/08/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar o cambio de proxecto técnico que figura no expediente núm. 2023006014, constando en dito expediente o acordo da Xunta de Goberno núm. 27.32746, do día 09/06/2023 polo que se concede ao concello de Mondariz, CIF: P3603000E, a cantidade de 67.351,70 € con destino ao financiamento do investimento “REFORMA DE LA ESCUELA DE REDO PARA CENTRO SOCIOCOMUNITARIO -FASE IIP” cun orzamento que ascende a 278.626,94 €, e cunha achega doutras administracións de 211.275,24 €.
- O novo proxecto presentado non modifica o orzamento orixinal, nin altera o obxecto nin a finalidade do investimento e co mesmo non se prexudican dereitos de terceiros.
- O resto do acordo da Xunta de Goberno núm. 27.32746, do día 09/06/2023, permanecerá invariable.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Mondariz*, Intervención, Servizo de Cooperación e ó Gabinete da Presidencia.



17.32943.- CORRECCIÓN DE ERROS DO ACORDO NÚMERO 8.32922 ADOPTADO NA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 25/08/2023, DE ACEPTACIÓN DA AXUDA CONCEDIDA POLO INSTITUTO PARA A DIVERSIFICACIÓN E O AFORRO DA ENERXÍA AO PROXECTO DENOMINADO PR-D5000-2021-000382 “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE XV: INSTALACIÓN DE ILUMINACIÓN EFICIENTE E INTELIXENTE NOS MUNICIPIOS DA CAÑIZA, CERDEDO-COTOBADA, CUNTIS, DOZÓN, FORNELOS DE MONTES, PONTECESURES, RIBADUMIA, RODEIRO, SILLEDA E TOMIÑO”; FINANCIADO CO MARCO EUROPEO DE RECUPERACIÓN TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA E CONCESIÓN DA AXUDA COMPROMETIDA POLA DEPUTACIÓN AO SEU AMPARO AOS CONCELLOS BENEFICIARIOS. (Expte.2021052802)

No expediente consta o informe da Xefa do servizo de Cooperación que literalmente se transcribe:

*“Advertido un erro material en relación ó acordo da Xunta de Goberno do día 25 de agosto de 2023, punto núm. 8.32922, sobre a aceptación da axuda concedida polo Instituto para a Diversificación e o Aforro da Enerxía ao proxecto denominado PR-D5000-2021-000382 “Iluminación exterior sostible XV: instalacións de iluminación eficiente e intelixente nos municipios de A Cañiza, Cerdedo-Cotobade, Cuntis, Dozón, Fornelos de Montes, Pontecesures, Ribadumia, Rodeiro, Silleda e Tomiño”; financiado co marco europeo de Recuperación Transformación e Resiliencia e concesión da axuda comprometida pola Deputación ao seu amparo aos concellos beneficiarios, emito o seguinte informe:*

Antecedentes:

*Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 25 de agosto de 2023, adoptou entre outros, o acordo número 8.32922 “Aceptación da axuda concedida polo Instituto para a Diversificación e o Aforro da Enerxía ao proxecto denominado PR-D5000-2021-000382 “Iluminación exterior sostible XV: instalacións de iluminación eficiente e intelixente nos municipios de A Cañiza, Cerdedo-Cotobade, Cuntis, Dozón, Fornelos de Montes, Pontecesures, Ribadumia, Rodeiro, Silleda e Tomiño”; financiado co marco europeo de Recuperación Transformación e Resiliencia e concesión da axuda comprometida pola Deputación ao seu amparo aos concellos beneficiarios”.*

*Segundo.- Non obstante, comprobouse a existencia dun erro material no citado acordo, en canto a concesión das axudas comprometidas pola Deputación ao abeiro do proxecto PR-D5000-2021-000382 “Iluminación exterior sostible XV aos concellos beneficiarios non variando a cantidade total da achega concedida pola Deputación de Pontevedra que é de 95.889,36 euros.*

Fundamentos xurídicos:

- *O artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas dispón que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.*



Conclusións:

Comprobouse que efectivamente se produciu un erro material no acordo da Xunta de Goberno núm. 8.32922 nos termos descritos anteriormente, polo que se estima pertinente corrixi-lo acordo para adaptalo á concesión real. De conformidade co informe de fiscalización emitido pola intervención en data 17/08/2023.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, informo favorablemente a corrección de erros do acordo da Xunta de Goberno do día 25/08/2023, punto número 8.32922, no referente á concesión das axudas comprometidas pola Deputación ao abeiro do proxecto PR-D5000-2021-000382 "Iluminación exterior sostible XV aos concellos beneficiarios non variando a cantidade total da achega concedida pola Deputación de Pontevedra que é de 95.889,36 euros de maneira que

ONDE DI:

<i>Iluminación exterior sostible XV: renovación da iluminación exterior en diversas zonas dos municipios da Cañiza, Cerdedo-Cotobade, Cuntis, Dozón, Fornelos de Montes, Pontecesures, Ribadumia, Rodeiro, Silleda e Tomiño</i>	
<i>Concello</i>	<i>Achega máxima da Deputación de Pontevedra</i>
<i>Cañiza, A</i>	<i>9.428,96 €</i>
<i>Cerdedo-Cotobade</i>	<i>9.969,25 €</i>
<i>Cuntis</i>	<i>2.463,83 €</i>
<i>Dozón</i>	<i>7.828,47 €</i>
<i>Fornelos de Montes</i>	<i>4.649,60 €</i>
<i>Pontecesures</i>	<i>11.349,61 €</i>
<i>Ribadumia</i>	<i>21.088,35 €</i>
<i>Rodeiro</i>	<i>10.158,92 €</i>
<i>Silleda</i>	<i>4.896,57 €</i>
<i>Tomiño</i>	<i>14.055,80 €</i>
<i>Total</i>	<i>95.889,36 €</i>

DEBE DICIR:

“

<i>Iluminación exterior sostible XV: renovación da iluminación exterior en diversas zonas dos municipios da Cañiza, Cerdedo-Cotobade, Cuntis, Dozón, Fornelos de Montes, Pontecesures, Ribadumia, Rodeiro, Silleda e Tomiño</i>	
<i>Concello</i>	<i>Achega máxima da Deputación de Pontevedra</i>
<i>Cañiza, A</i>	<i>9.428,96 €</i>
<i>Cuntis</i>	<i>9.969,25 €</i>
<i>Dozón</i>	<i>2.463,83 €</i>
<i>Fornelos de Montes</i>	<i>7.828,47 €</i>
<i>Pontecesures</i>	<i>4.649,60 €</i>
<i>Ribadumia</i>	<i>11.349,61 €</i>
<i>Rodeiro</i>	<i>21.088,35 €</i>
<i>Silleda</i>	<i>10.158,92 €</i>
<i>Tomiño</i>	<i>4.896,57 €</i>
<i>Cerdedo-Cotobade</i>	<i>14.055,80 €</i>
<i>Totais</i>	<i>95.889,36 €</i>

”



*O resto do texto permanecerá invariable.*

*Pontevedra, na data da sinatura dixital  
 A xefa do Servizo de Cooperación,  
 Asdo.: Marina Piñeiro Novo  
 Por ausencia, segundo R.P. núm. 2023006340 de data 14/08/2023  
 Marcos Areán González”*

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación de data 29/08/2023, e da Intervención Provincial de data 17/08/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Corrixir o erro padecido no acordo da Xunta de Goberno do 25 de agosto de 2023, punto número 8.32922, no referente á concesión das axudas comprometidas pola Deputación ao abeiro do proxecto PR-D5000-2021-000382 “*Iluminación exterior sostible XV aos concellos beneficiarios*” non variando a cantidade total da achega concedida pola Deputación de Pontevedra que é de 95.889,36 €, que queda como segue:

que ONDE DI:

“

Iluminación exterior sostible XV: renovación da iluminación exterior en diversas zonas dos municipios da Cañiza, Cerdedo-Cotobade, Cuntis, Dozón, Fornelos de Montes, Pontecesures, Ribadumia, Rodeiro, Silleda e Tomiño	
Concello	Achega máxima da Deputación de Pontevedra
Cañiza, A	9.428,96 €
Cerdedo-Cotobade	9.969,25 €
Cuntis	2.463,83 €
Dozón	7.828,47 €
Fornelos de Montes	4.649,60 €
Pontecesures	11.349,61 €
Ribadumia	21.088,35 €
Rodeiro	10.158,92 €
Silleda	4.896,57 €
Tomiño	14.055,80 €
Total	95.889,36 €

”



DEBE DICIR:

“

Iluminación exterior sostible XV: renovación da iluminación exterior en diversas zonas dos municipios da Cañiza, Cerdedo-Cotobade, Cuntis, Dozón, Fornelos de Montes, Pontecesures, Ribadumia, Rodeiro, Silleda e Tomiño	
Concello	Achega máxima da Deputación de Pontevedra
Cañiza, A	9.428,96 €
Cuntis	9.969,25 €
Dozón	2.463,83 €
Fornelos de Montes	7.828,47 €
Pontecesures	4.649,60 €
Ribadumia	11.349,61 €
Rodeiro	21.088,35 €
Silleda	10.158,92 €
Tomiño	4.896,57 €
Cerdedo-Cotobade	14.055,80 €
Totais	95.889,36 €

”

- Darlle traslado do presente acordo ao Instituto de Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), a Intervención, ao Servizo de Cooperación cos Municipios, e ao Gabinete de Presidencia.

#### 18.32944.- COMUNICACIÓNS

Dar conta de actos firmes, ditados na orde xurisdiccional contencioso-administrativo e levada a cabo a súa defensa polo Servizo Xurídico da Deputación de Pontevedra. (Expte. 2023039552) (**ORAL**)

#### ACTOS FAVORABLES (Desestimacións):

##### SENTENZAS

##### Exención no IVTM:

- 1) *Sentenza nº 029/2023 de 27 de xaneiro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 068/2022.*

Dáse conta da Sentenza nº 029/2023 de 27 de xaneiro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 068/2022 promovido por D. José Manuel Salgueiro Palmas contra Resolución de Tesourería de 24/11/2021 - expt. 39920000023627, Desestimación do recurso de reposición contra a Resolución de 10/05/2021 pola que se estimaba parcialmente a solicitude de exención no IVTM - Vehículo 3946GVF, Concello de Moaña, na que se Desestima o recurso contencioso-administrativo sen condena en costas, sendo fixada a contía do procedemento en 708,80 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.





*Recadación Executiva- Dilixencia de Embargo:*

- 2) *Sentenza nº 070/2023 de 23 de marzo do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 244/2022.*

Dáse conta da Sentenza nº 070/2023 de 23 de marzo do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 244/2022 promovido por D. Jesús Conde Conde Cordeiro contra Resolución de Tesourería de 24/02/2022 – Expt. 39920000030538, desestimatoria do recurso de reposición interposto contra as Dilixencias de Embargo nºs 2102801240 e 2102923434, Expediente de Executiva: 2019EXP39016944 – Concepto: TE Infracción Urbanística – Concello do Porriño, na que se Desestima o recurso contencioso-administrativo sen condena en costas, sendo fixada a contía do procedemento en 786,69 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

*Imposto sobre o Bens Inmóbles (IBI)*

- 3) *Sentenza nº 055/2023 de 18 de abril do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 275/2022.*

Dáse conta da Sentenza nº 055/2023 de 18 de abril do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 275/2022 promovido por D<sup>a</sup> Dolores Aurelia García Villar contra Resolución de Tesourería de 19/07/2022 (Expt.- 39920000035413) pola que se Inadmite o Recurso Extraordinario de Revisión formulado contra a liquidación 20173936029IU12L000024, relativa ó IBI-Urbana 2014 - Concello de Moaña, na que se Desestima o recurso contencioso-administrativo sen condena en costas, sendo fixada a contía do procedemento en 5.791,92 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

*Procedemento Sancionador (Inspección IAE)*

- 4) *Sentenza nº 011/2023 de 13 de xaneiro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 073/2022*

Dáse conta da Sentenza nº 011/2023 de 13 de xaneiro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 073/2022 promovido pola entidade Industrias Frigoríficas del Louro SA contra Resolución de Tesoureira de 30/11/2021 - Expt. 39920000028475, Desestimatoria do recurso de reposición interposto contras as liquidacións derivadas da Sanción por Inspección IAE – Concello do Porriño, na que se desestima o recurso contencioso-administrativo sen condena en costas, sendo fixada a contía do procedemento en 8.705,98 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.



### *Multas de Tráfico*

- 5) *Sentenza nº 066/2023 de 23 de marzo do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 128/2022.*

Dáse conta da Sentenza nº 066/2023 de 23 de marzo do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 128/2022 promovido por Fergo Abogados y Consultores SLP contra Decreto da Alcaldía do Concello de Tomiño de 11/02/2022 – Expediente Sancionador en Materia de Tráfico nº 19755/202,1 na que se Desestima o recurso contencioso-administrativo con condena en costas á actora, sendo fixada a contía do procedemento en 80 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

- 6) *Sentenza nº 049/2023 de 13 de abril do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 217/2022.*

Dáse conta da Sentenza nº 049/2023 de 13 de abril do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 217/2022 promovido por D. Félix Francisco Díaz Martínez contra Resolución Sancionadora do Expediente Sancionador en Materia de Tráfico nº 11003/2021, multa de 200 € e detracción de 3 Puntos, Concello de Tui, na que se Desestima o recurso contencioso-administrativo sen condena en costas, sendo fixada a contía do procedemento en 200 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

- 7) *Sentenza nº 107/2023 de 27 de abril do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 270/2022.*

Dáse conta da Sentenza nº 107/2023 de 27 de abril do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 270/2022 promovido por D. Juan Brea Martínez contra Expediente Sancionador en Materia de Tráfico nº 25586/2021, Concello da Estrada, na que se Desestima o recurso contencioso-administrativo con condena en costas á actora, sendo fixada a contía do procedemento en 200 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

- 8) *Sentenza nº 011/2023 de 25 de xaneiro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Vigo, ditada en autos do Procedemento Abreviado 324/2022.*

Dáse conta da Sentenza nº 011/2023 de 25 de xaneiro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Vigo, ditada en autos do Procedemento Abreviado 324/2022 promovido por D. Antonio Borrajo Carrera contra Expt. Sancionador en Materia de Tráfico nº 22335/2021 - Concello de Porriño (Resolución de Tesourería de 30/08/2022 - Expt. 39920000040562), na que se Desestima o recurso contencioso-administrativo con condena en costas á parte actora, sendo fixada a contía do procedemento en 200 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.



- 9) *Sentenza nº 052/2023 de 28 de febreiro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Vigo, ditada en autos do Procedemento Abreviado 360/2022.*

Dáse conta da Sentenza nº 052/2023 de 28 de febreiro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Vigo, ditada en autos do Procedemento Abreviado 360/2022 promovido por D<sup>a</sup> Marta González Vilariño contra Expediente Sancionador en Materia de Tráfico nº 16880/2021, na que se Desestima o recurso contencioso-administrativo sen condena en costas, sendo fixada a contía do procedemento en 200 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

#### *Taxas e Prezos Públicos*

- 10) *Sentenza nº 053/2023 de 17 de abril do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 270/2022.*

Dáse conta da Sentenza nº 053/2023 de 17 de abril do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 270/2022 promovido por Rovedra SL contra desestimación presunta da solicitude de 31/10/2021 relativa a Autoliquidación por “CD Taxa e ICIO (Expts 39130000041310 y 39130000041314), Concello do Porriño e ampliado á Resolución de Tesourería de 05/09/2022 - Expt. 39920000029260, desestimatoria da solicitude formulada, na que se Desestima o recurso contencioso-administrativo con condena en costas á actora, sendo fixada a contía do procedemento en indeterminada (inferior a 30.000 €), e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación. A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

#### *Procedemento Inspector (IAE)*

- 11) *Sentenza nº 196/2023 de 17 de abril do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala Contencioso-Administrativo, Sección 4ª, ditada nos autos do PO 15389/2022.*

Dáse conta da Sentenza nº 196/2023 de 17 de abril do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala Contencioso-Administrativo, Sección 4ª, ditada nos autos do PO 15389/2022, promovido por Iberdrola Clientes SAU contra a Resolución do Tribunal Económico-administrativo Rexional de Galicia de 31 de marzo 2022 que estima a reclamación económico-administrativa número 36-00412-2021, promovida contra as Resolucións da Tesourería da Deputación de Pontevedra-ORAL, sobre inclusión na matrícula do Imposto sobre Actividades Económicas (IAE) periodos 2017 a 2019, no epígrafe 659.9 da Sección Primeira das Tarifas do Imposto, pola actividade de comercialización de enerxía eléctrica realizada en varios municipios de Pontevedra, na que se Desestima o recurso de contencioso-administrativo interposto, con condena en costas á actora, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.



ACTOS PARCIALMENTE FAVORABLES (Estimación Parcial)

SENTENZA

*Recadación Executiva- Dilixencia de Embargo:*

12) *Sentenza nº 072/2023 de 27 de marzo do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 262/2022.*

Dáse conta da Sentenza nº 072/2023 de 27 de marzo do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 262/2022 promovido por D. Martín García Cordeiro contra Resolución de Tesourería de 04/07/2022 (39050000037233) Desestimatoria dos recursos de reposición contra o Embargo Nº 2200032713 – Expediente de Executiva: 2022EXP39002469 - derivada do impago TE IVTM - Concello de Cangas, na que se estima parcialmente o recurso contencioso-administrativo, sendo fixada a contía do procedemento en 180,47 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido parcialmente favorable da citada sentenza.

*DECRETOS (Desistimento):*

*Recadación Executiva- Dilixencia de Embargo.*

13) *Decreto nº 008/2023 de 13 de marzo do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 374/2022.*

Dáse conta do Decreto nº 008/2023 de 13 de marzo do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 374/2022, promovido por Swap Energía SA contra Resolución de Tesourería de 13/10/2022 - Expt. 39920000041971, Desestimatoria do recurso de reposición contra a Dilixencia de Embargo - Expediente de Executiva 201EXP39020490, emitida polas Liquidacións derivadas da Inspección IAE, Exercicios 2019 e 2020, Concello de Vilaboa, no que se ten por desistida á actora no recurso contencioso-administrativo, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable do citado decreto.

*Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana (IIVTNU):*

14) *Decreto nº 011/2023 de 21 de abril do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 077/2023.*

Dáse conta do Decreto nº 011/2023 de 21 de abril do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 077/2023, promovido pola entidade Abanca Corporación Bancaria SA contra Resolución de Tesourería de 16/12/2022 - Expt. 39920000048677, desestimatoria do recurso de reposición interposto contra liquidación do IIVTNU, Concello de Moaña, no que se ten por desistida á actora no recurso contencioso-administrativo, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable do citado decreto.



ACTOS DESFAVORABLES (Estimación)

SENTENZA

*Procedemento de Reclamación – Derivación de Responsabilidade*

15) *Sentenza nº 110/2023 de 28 de abril do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 365/2022.*

Dáse conta da Sentenza nº 110/2023 de 28 de abril do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 365/2022 promovido por D. Alejandro González Gimeno contra Resolución de Tesourería de 19/09/2022 - Expt. 39920000043923, desestimatoria do recurso de reposición contra Resolución de 26/07/2022 - Expt. 39320000039814 pola que se acorda a reclamación á Comunidade Hereditaria - IVTM 2017 A 2022 – Concello do Porriño, na que se estima o recurso contencioso-administrativo sen condena en costas, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido desfavorable da citada sentenza.

AUTOS

*Imposto Bens Inmóveis de Características Especiais (BICE)*

16) *Auto nº 022/2023 de 12 de abril do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 397/2019.*

Dáse conta do Auto nº 022/2023 de 12 de abril do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 397/2019, promovido por Cortizo Hidroeléctricas SA contra Resolución de Tesourería de 08/10/2019 - Expt. 40900000003923 - BICE 2019 -Ref.Cat.-000203100NH31E0001WU - Concello Caldas, Cuntis e Moraña, importe de 27.942,42 €, polo que se acorda o arquivo do procedemento por carencia sobrevenida do obxecto do recurso, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido desfavorable do citado auto.

17) *Auto nº 038/2023 de 19 de abril do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 319/2020.*

Dáse conta do Auto nº 038/2023 de 19 de abril do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 319/2020, promovido por Cortizo Hidroeléctricas SA contra Resolución de Tesourería de 22/10/2020 - Expt. 39920000009197 - BICE 2020 -Ref.Cat.-000203100NH31E0001WU - Concello Caldas, Cuntis e Moraña, importe de 27.942,42 €, polo que se declara a conclusión do procedemento por carencia sobrevenida do obxecto do recurso, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido desfavorable do citado auto.



19.32945.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as once horas e vinte minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

